

PROGRAMACIÓN LITERATURA UNIVERSAL

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES LAXEIRO

CURSO 2020-21

ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

2.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.

3.- Obxectivos específicos da área.

4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso.

5.- Metodoloxía

6.- Materias e recursos

7.- Criterios de avaliación e cualificación

7.1. Criterios de avaliación

7.2. Criterios de cualificación

8.- Medidas de atención á diversidade

9.- Elementos transversais

1.- Introducción

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria, aprobado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), e publicado no BOE o 3 de xaneiro de 2015, está enmarcado na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que á súa vez modifica o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinamentos.

De conformidade co mencionado Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que determina os aspectos básicos a partir dos cales as distintas Administracións educativas deberán fixar para o seu ámbito de xestión a configuración curricular e a ordenación dos ensinamentos en Bacharelato, corresponde á Xunta de Galicia regular a ordenación e o currículo en devandita etapa.

O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así o fai para todas as materias (*troncais*, específicas e de libre configuración autonómica), e en concreto para a de Literatura universal.

No IES Laxeiro matriculáronse nesta asignatura no curso 2020-21 un total de 9 alumnos/as, todos pertencentes a 1º de Bacharelato B.

2.- Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

O currículo desta materia organízase en cinco núcleos: obxectivos de etapa, metodoloxía didáctica, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, aos que se superpón o enfoque competencial fixado no desenvolvemento das competencias clave.

A aproximación á Literatura universal como coñecemento e aprendizaxe contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e a conciencia e expresións culturais dos estudantes.

O desenvolvemento destes coñecementos en Bacharelato implica o descubrimento da lectura como experiencia enriquecedora, que produce no alumnado unha resposta afectiva e intelectual, fundada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas.

En definitiva, a materia de Literatura universal facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e autores, e capaz de descubrir neles recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado de Bacharelato aprenderá a relacionar os seus coñecementos sobre o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe, o que favorecerá o desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe autónoma.

Competencia en comunicación lingüística

A materia de Literatura universal favorece o desenvolvemento dos coñecementos que forman parte da competencia en comunicación lingüística, pois nesta materia os estudantes exercítnse tanto na práctica da lectura e escoita comprensivas e a redacción creativa como na reflexión sobre as mesmas.

Competencia dixital

Na materia de Literatura universal, a realización de traballos escritos con procesadores de texto e as presentacións orais apoiadas con materiais audiovisuais contribúen á adquisición da competencia dixital. Ademais, Internet constitúe unha biblioteca de incomparables dimensións tanto para a lectura como para a obtención de información, pero esixe unha tarefa previa de selección dos contidos e de esixencia de responsabilidade persoal no uso dos materiais accesibles.

Aprender a aprender

A lectura é a ferramenta introdutoria a todas as materias e onde manifesta a súa importancia de forma máis patente é no desenvolvemento das destrezas que conducen ao coñecemento e valoración dos textos literarios como fonte de goce e aprendizaxe ao longo da vida.

Ademais, o coñecemento do contexto histórico das épocas que se estudan no currículo de Literatura universal e as características das grandes obras mestras permiten acceder con maiores garantías de éxito ao estudo doutras disciplinas artísticas e, en xeral, ampliar a visión sobre a realidade cultural na que nos movemos.

Competencias sociais e cívicas

A materia de Literatura universal contribúe á adquisición destas competencias na medida en que determinadas obras literarias permiten o achegamento a outras culturas e, especialmente, a todo o contexto histórico e cultural da literatura e a cultura europeas, incluíndo as súas orixes grecolatinas e as súas relacións co resto de literaturas occidentais. Tamén fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, e favorece actitudes abertas e respectuosas ao ofrecer elementos críticos baseados no contexto social e histórico ao que se circunscriben as obras.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na materia de Literatura universal utilízanse procedementos que esixen planificar, organizar, analizar e comunicar, e que permiten desenvolver habilidades para traballar individualmente ou de maneira colaborativa. O contacto con grandes obras de creación de diferentes épocas e estilos fomenta a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa.

Conciencia e expresións culturais

A lectura, interpretación e valoración de obras da Literatura universal contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha competencia artística e cultural, entendida como aproximación ao patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano.

Contribúen a ampliar e consolidar a adquisición desta competencia tanto o interese pola lectura como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de entretemento, como a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine...). Á súa vez, é fundamental asentar o respecto polas manifestacións artísticas e culturais como parte da riqueza e do patrimonio propio e doutras culturas. A materia favorece tamén o interese por participar na vida cultural e, por tanto, por comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas.

2.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
➤ Bloque 1. Procesos e estratexias	
Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	CSC CCEC
Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.	CCEC CSC CAA
Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	CCL CSC
Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	CCL CCEC
Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	CCL CSC
Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	CSC CCEC
Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	CCL CSC
➤ Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal	
Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	CCL CSC
Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	CD CCEC
Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do	CCL CD

registro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	
Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	CCL CCEC
Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade	CCL CAA

3.- Obxectivos específicos da área.

Ademais de contribuír ao logro dos obxectivos xerais do bacharelato, nesta área hai os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer as obras, motivos e temas recorrentes na Historia da Literatura e familiarizarse cos autores e autoras desta Historia.
- Achegarse desde unha postura persoal e guiada aos fitos da literatura universal de todas as épocas.
- Recoñecer o valor da contextualización para entender e interpretar o texto literario, así como a súa adaptación para ser incorporado ás diversas épocas e estéticas.
- Analizar, aplicando a metodoloxía do comentario de textos, os aspectos formais e estilísticos das grandes obras da literatura.
- Comprender a importancia da tradición literaria e do comparativismo, como mostra da vixencia e dos valores humanos recolleitos en diferentes obras dos diferentes períodos históricos.
- Valorar os aspectos sociais, históricos e culturais presentes nas obras de cada época, como modo privilexiado para comprender as peculiaridades da expresión de sentimentos e actitudes persoais e colectivos nas diferentes épocas históricas e literarias.
- Valorar a influencia de obras anteriores noutras manifestacións artísticas posteriores, especialmente musicais, pictóricas e cinematográficas.
- Gozar da experiencia de lectura ante obras afastadas contextualmente, e manter unha actitude activa, aberta e reflexiva ante este feito estético.
- Fomentar o interese pola achega literaria e extraliteraria de todo tipo de textos na historia da humanidade.
- Fomentar o interese pola creación e pola expresión escrita.

4.- Temporalización dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, grao mínimo de consecución destes e procedementos e instrumentos de avaliación para cada curso.

ESTÁNDARES	Grao mínimo de consecución dos estándares	TEMPORALIZACIÓN			Procedementos e instrumentos
		1ª Av	2ª Av	3ª Av	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal. 	Le os fragmentos seleccionados e identifica neles algúns elementos referencias da literatura universal.	X	X	X	P1 Comentarios dos libros de lectura I1. Rexistro cuantitativo dos comentarios
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario. 	Interpreta algunhas obras ou fragmentos significativos, identificando de xeito básico os seus temas e as características que fan que se adscriba a un determinado movemento.	X	X	X	P1 I1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.2.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión. 	Fai interpretacións, nos distintos xéneros, daquelas obras máis determinantes en cada período.	X	X	X	P2 Traballos individuais e/ou grupais escritos. I2 Rexistro cuantitativo dos traballos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.2.2. Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas. 	É capaz de establecer algunhas relacións entre a literatura e outras manifestacións artísticas, aportando ademais algún xuízo crítico.	X	X	X	<p>P3 Observación sistemática das exposicións orais na aula.</p> <p>P4. Exames.</p> <p>I3 Rúbrica das exposicións orais.</p> <p>I4. Rexistro cuantitativo das notas dos exames.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura. 	Comenta, de xeito básico, diferentes textos literarios, seguindo os esquemas dados.	X	X	X	<p>P2</p> <p>I2</p>
LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal	Recoñece, nalgúns casos, o valor permanente dalgúns temas en diferentes expresións culturais	X	X	X	<p>P2.</p> <p>I2</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB1.4.1. Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas. 	Naqueles casos máis evidentes, é capaz de relacionar os textos universais cos das literaturas máis próximas (galega, portuguesa e castelá)		X	X	<p>P2 e P3</p> <p>I2 e I3</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB2.1.1. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as. 	Le e analiza, dun xeito básico, textos literarios universais de distintas épocas.	X	X	X	<p>P1</p> <p>I1.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB2.2.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e 	Realiza os traballos das obras lidas, facendo as relacións e interpretacións imprescindibles para situalo, tanto na etapa literaria que corresponda como na biografía	X	X	X	<p>P1</p> <p>I1.</p>

consultando fontes de información diversas.	literaria da autora/autor que sexa.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB2.3.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria. 	Realiza presentacións orais e/ou escritas integrando coñecementos mínimos e, argumentación feble, en ocasións. Nalgúns casos, realiza consulta doutras fontes.	X	X	X	P3 I3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB2.3.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes. 	Realiza as exposicións orais encargadas, deténdose só nos aspectos básicos, sen profundar nalgúns deles.	X	X	X	P3 I3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LUB2.3.3. Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade. 	Obsérvase, en xeral, goce da lectura recoñecendo nesta unha fonte de enriquecemento.	X	X	X	P1 I1.

5.- Metodoloxía.

Usarase unha metodoloxía activa e participativa. Ao non termos libro de texto, o temario será abordado de diferente maneira á tradicional:

- En primeiro lugar, haberá unha introdución oral esquemática sobre o que se vai traballar en cada tema; logo, este será exposto mediante unha presentación en power point, que será compartida con todo o alumnado en Google Drive despois haberá unha serie de textos escollidos sobre o temario en cuestión, que serán repartidos en fotocopias, sobre os que se traballará na aula, para facer comentarios e reflexionar sobre diferentes aspectos literarios e/ou lingüísticos; en cuarto lugar, escolleranse diferentes textos literarios para a súa lectura individual ou grupal, dependendo do tema en cuestión; xunta a estes, teremos unha serie de libros opcionais relativos a cada tema.

Asemade, haberá sempre exercicios de escrita. Dependendo do tema poderanse propoñer algunhas tarefas máis.

6.- Materias e recursos

Ao non haber libro de texto, utilizaremos presentacións realizadas tanto pola profesora para explicar a materia como aqueles traballos realizados polo alumnado tanto teóricos sobre os períodos como aqueles que se realicen arredor das lecturas propostas en cada período.

Internet será unha ferramenta esencial ao igual que o ordenador da aula. Pero os libros de lectura serán constantes na utilización diaria no desenvolvemento da clase.

7.- Criterios de avaliación e cualificación

7.1. Criterios de avaliación

Bloque 1. Procesos e estratexias

B1.1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.

B1.2. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.

B1.3. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.

B1.4. Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época, pondo de manifesto as influencias, as coincidencias e as diferenzas entre eles.

Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal

B2.1. Ler, comprender e analizar obras breves, fragmentos ou obras completas, significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.

B2.2. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.

B2.3. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un/unha autor/a ou unha época con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.

7.2. Criterios de cualificación

As porcentaxes para avaliar os estándares serán as seguintes:

- **Un exame por avaliación** que inclúe todo o dado na materia no trimestre, que inclúe a teoría da Historia da Literatura e comentarios de fragmentos literarios relacionados: **30% da nota.**
- **Intervencións na clase e traballo diario**, exposición clara das ideas propias e respecto polas alleas, exposicións orais dos temas: **20% da nota.**
- **Traballos individuais de libros de lectura**, un mínimo de tres libros obrigatorios cada trimestre: **30% da nota.**
- **Análise e crítica dunha ou dúas películas** proxectadas na aula en cada trimestre: **10% da nota**
- **Obradoiro de creación literaria : 10% da nota**
- Haberá lecturas voluntarias que computarán por riba da media, un 0,5 por libro ata un total de 2 puntos.

8.- Medidas de atención á diversidade.

Prestarase atención ás diferenzas individuais en canto a motivacións, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe co fin de satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.

9.- Elementos transversais.

Desde o tratamento dos contidos, as imaxes e os textos da Literatura universal foméntanse valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados coa educación e seguridade viaria, o desenvolvemento sustentable e a protección do medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, e as situacións de risco derivadas do uso do TIC.

Lalín, 17 de novembro de 2020